

## Concello de Covelo

---

### 2º PLAN DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE COVELO 2018.

As administracións públicas deben por en marcha medidas e actuacións concretas que teñan coma obxectivo, atender e mellorar a protección ante a perda de emprego, a eficacia na intermediación e recolocación dos/as desempregados/as e potenciar as medidas que fomenten a creación de emprego e a mellora da calidade das condicións laborais, con especial atención a formación a o longo da vida.

Con este obxectivo o Concello de Covelo proxecta desenvolver durante o ano 2018, o 2º Plan Municipal de Formación para o Emprego no que recollen distintas accións formativas destinadas a mellorar a empregabilidade e facilitar a inserción no mercado de traballo das persoas desempregadas do noso municipio de Covelo.

Por iso, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización de Intervención, DISPOÑO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o 2º Plan Municipal de Formación para o Emprego para o ano 2018 que recolle o desenvolvemento das seguintes accións formativas:

#### CURSO TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA E PROVEITO DE MOVIL

- o Horas totais: 5 horas
- o Horario: de 10:00 a 12:30 horas
- o Días lectivos: 2

#### CURSO MANIPULADOR DE CAMIÓN CON PLUMA

- o Horas totais: 20 horas
- o Horario: de 9:00 a 14:00 horas
- o Días lectivos: 4

#### CURSO CARPINTERÍA BÁSICA

- o Horas totais: 40 horas
- o Horario: de 16:30 a 20:30 horas
- o Días lectivos: 10

#### CURSO DE INFORMÁTICA NIVEL MEDIO

- o Horas totais: 40 horas
- o Horario: de 16:30 a 20:30 horas
- o Días lectivos: 10

#### CURSO DE MANIPULADOR DE PLATAFORMAS ELEVADORAS

- o Horas totais: 20 horas
- o Horario: de 9:00 a 14:00 horas
- o Días lectivos: 4

#### CURSO ELECTRICIDAD BÁSICA

- o Horas totais: 40 horas
- o Horario: de 9:30 a 13:30 horas
- o Días lectivos: 10

## Concello de Covelo

---

### CURSO MECÁNICA BÁSICA

- o Horas totais: 40 horas
- o Horario: de 16:30 a 20:30 horas
- o Días lectivos: 10

### CURSO ATENCIÓN SOCIOSANITARIA E APOIO PSICOSOCIAL

- o Horas totais: 40 horas
- o Horario: de 9:30 a 13:30 horas
- o Días lectivos: 10

### CURSO DE PREPARACIÓN ÁS PROBAS DE ACCESO A ESO

- o Horas totais: 192 horas
- o Horario: de 10:00 a 13:30 horas (2 días a semana)
- o Días lectivos: 49

**SEGUNDO.-** Aprobar condicións de participación e as bases de selección dos participantes no 2º Plan Municipal de Formación para o Emprego 2018, que son as seguintes:

#### **“1.- OBXECTO**

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos a seguir na selección do alumnado dos cursos de formación, preferentemente para desempregados/as, encadrados dentro do 2º Plan Municipal de Formación para o Emprego 2018.

#### **2.- ESPECIALIDADES FORMATIVAS**

##### 2.1.- CURSOS

<b>CURSOS</b>	<b>HORAS</b>	<b>Nº ALUMNOS MÍN./MÁX.</b>
CURSO TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA E PROVEITO DE MOVIL	5 h.	5 - 20
CURSO MANIPULADOR DE CAMIÓN CON PLUMA	20 h.	5 - 20
CARPINTERÍA BÁSICA	40 h.	5 - 20
CURSO DE INFORMÁTICA NIVEL MEDIO	40 h.	5 - 20
CURSO DE MANIPULADOR DE PLATAFORMAS ELEVADORAS	20 h.	5 - 20
CURSO DE ELECTRICIDAD BÁSICA	40 h.	5 - 20
CURSO MECÁNICA BÁSICA	40 h.	5 - 20
CURSO ATENCIÓN SOCIOSANITARIA E APOIO PSICOSOCIAL	40 h.	5 - 20
CURSO DE PREPARACIÓN ÁS PROBAS DE ACCESO A ESO	192 h.	8 - 20

## Concello de Covelo

---

### 2.2.- PRÁCTICAS NON LABORAIS

Nos cursos que se inclúe un módulo de prácticas no laborais en empresas, estas serán obrigatorias.

O alumnado que non asista ao módulo de prácticas non levará diploma aínda que asista a tódolos módulos das clases teóricas.

### 3.- REQUISITOS MÍNIMOS PARA PARTICIPAR NOS CURSOS.

Poderán participar no proceso de selección aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar desempregadas e inscritas como tal no Servizo Público de Emprego de Galicia. No suposto que a totalidade de prazas nas accións formativas non se cubran con persoas en situación de desemprego, poderán ofertarse para súa cobertura a traballadores en activo, e se quedaran prazas, o resto dos solicitantes por orden de inscrición.
- Residir no Concello de Covelo (estas condicións acreditaranse mediante a comprobación Padrón Municipal de habitantes previa autorización da consulta polo interesado).
- No caso de cursos conducentes a obtención de certificados de profesionalidade, os/as alumnos/as deberán cumprir os requisitos esixidos polos Reais Decretos de ditos certificados.

Estes requisitos e demais condicións para o acceso aos cursos, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e han de ser acreditados xunto coa solicitude.

### 4.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN

#### 4.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección do alumnado procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.

Accederase o curso por orde de inscrición .

#### 4.2.- ENTREGA DE SOLICITUDES

4.2.1.-As persoas que estean interesadas en participar nas probas de selección deberán aportar a seguinte documentación

Solicitud de inscrición  
Fotocopia do DNI  
Copia da demanda de emprego actualizada  
Certificado ou volante de empadramento.

## Concello de Covelo

---

A documentación deberá entregarse no Rexistro das oficinas xerais do Concello de Covelo.

As persoas que desexen máis información sobre as accións formativas e/ou a documentación a aportar poden poñerse en contacto con:

**Concelleira de Formación e Emprego e co Auxiliar Desenvolvemento Local**

Teléfono: 986 650 047 Ext. 1

4.2.2.- Prazo de inscrición: Unha vez convocado o curso abrírase o prazo de inscrición que rematará o quinto día hábil anterior ó comezo do curso.

O prazo de presentación de solicitudes poderá ampliarse en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación

4.2.3.- Rematado o prazo e presentación de solicitudes, publicarase no Taboleiro de Edictos Municipais e na páxina web do Concello a relación de candidatos admitidos, así como as persoas que queden en reserva e que poderán incorporarse ante baixas que se produzan, sempre que non houbera transcorrido o 20% das horas lectivas do curso.

No caso de que a persoa seleccionada non estea interesada en realizar o curso deberá acudir as oficinas do Concello para firmar a renuncia ao mesmo.

### 5.- COBERTURA DO RISCO DE ACCIDENTES DO ALUMNADO

O alumnado terá cuberto os riscos de accidentes que poderán producirse como consecuencia da asistencia aos cursos, así como na fase de prácticas non laborais nas empresas.

### 6.- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

#### DEREITOS DO ALUMNADO:

- o A recibir a formación teórico/práctica, segundo o programa do curso.
- o A recibir o material didáctico necesario para a impartición do curso.
- o A recibir un diploma acreditativo cando remate o curso con aproveitamento e asistise ao 80% das horas lectivas do curso.

#### DEBERES DO ALUMNADO:

- o Asistir e seguir con aproveitamento o curso. Os alumnos poden ter **dúas faltas de asistencia ao mes sen xustificar**, si acumulan máis causarán baixa no curso. As faltas xustificadas e sen xustificar non poderán superar o 20% das horas lectivas, neste caso o alumno tamén causará baixa.
- o Presentar os xustificantes das faltas ao docente.
- o Participar no desenvolvemento das clases e non entorpecer o normal desenvolvemento do curso.
- o Utilizar correctamente a maquinaria e medios didácticos, así como as instalacións dondo se imparte o curso.

## Concello de Covelo

---

- o Nos cursos que se inclúe un módulo de prácticas en empresa, estas serán obrigatorias. Os/as alumnos/as que non asistan ao módulo de prácticas non levarán diploma aínda que asistiran a todos os módulos de clases teóricas.

### **7.-CURSOS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DE CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE**

Nos cursos conducentes á obtención de certificado de profesionalidade, os/as alumnos/as deberán pagar a taxa correspondente para a tramitación de dito certificado.

Asemade, os/as alumnos/as deberán cumprir os requisitos sinalados nos Reais Decretos dos Certificados de Profesionalidade.

### **8.- CERTIFICADO DE PARTICIPACIÓN**

O Concello de Covelo expedirá o correspondente diploma ao alumnado que finalice o curso con aproveitamento e asista ao 80% das horas lectivas (presenciais) do curso, así como ás prácticas non laborais nos cursos en que se inclúan. No diploma figurarán o número de horas, o programa do curso, os módulos transversais e as prácticas non laborais

Cando unha persoa cause baixa por colocación e non teña dereito a diploma, expediráselle un certificado de asistencia no que figurarán as horas e os módulos aos que asistiu.”

**TERCEIRO.-** Aprobación do Anexo I no que se recolle o modelo oficial de solicitude de participación nos 2º Plan Municipal de Formación para o Emprego 2018.

**CUARTO.-** Ordenar a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos da Casa Consistorial.

O mando e asino, en Covelo, na data que figura na marxe.

O ALCALDE  
Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo

A SECRETARIA  
Asdo. Mª Jesús Rodríguez Freire

(Documento asinado electrónicamente)